



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 14 DE AGOSTO DE 2013

LICENZAS

LIC/1016/2012.- ASOCIACIÓN ASPAS.- Conceder licenza para legalización de ampliación do centro ocupacional ASPAS, edificio de servizos e comedor na rúa de Santa Teresa de Jornet, 19.

OBRA E APERTURA

LIC/202/2013 e LAP/54/2013.- PUNTOS DE BAJO COSTE, SL.- Conceder licenza de obra e apertura de unidade de subministro de combustible na Avda do Cruceiro da Coruña, 228.

3.- Proposta da concelleira delegada da Área de Servizos Sociais relativa á baixa por prestación económica municipal (MAPIS).

Apróbase unha baixa por traslado de domicilio.

4.- Autorización traspaso caseta NA368 da que é titular Mercado de Abastos de Santiago a favor de D. Narciso Casal Penedo, e cambio de actividade de venda de flores e prantas a froita e verdura.

Autorízase o devandito traspaso.

5.- Autorización traspaso caseta NC135 da que é titular Mercado de Abastos de Santiago a favor de D. Carlos Pérez Martínez, e cambio de actividade de venda de aves, ovos e caza a venda de aceites, vinagres e derivados.

Autorízase o devandito traspaso.

6.- Resolución de RECURSO DE REPOSICIÓN interposto contra o acordo de actualización das tarifas do Mercado Nacional de Gando de Santiago de Compostela.

Desestímase o recurso interposto pola mercantil MONFOBUS, S.L. contra o acordo da Xunta de Goberno Local do 14 de marzo de 2013 (revisión de prezos segundo o IPC), por non xustificarse no devandito recurso elemento algún que poña de manifesto a existencia de vicios de nulidade ou infracción do ordenamento xurídico que puidera invalidar a citada resolución..

7.- Proposta da concelleira delegada de Economía, Comercio, Turismo e Mercados relativa á rectificación de erro no acordo nº 125 de data 20.12.2012, relativo á resolución da convocatoria de concesión de cheques de consultoría para reforma de locais e implantación de TICS. Proxecto Urbana Santiago Norte.

Rectifícase o erro, incorporando a referencia ao cofinanciamento a través dos Fondos FEDER.

8.- Proposta da concelleira delegada substituta da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á devolución do aval depositado en garantía da urbanización das obras de mellora de accesos ao ámbito do Solo Urbanizable Non Programado número 4 (SUNP-4). Camiño Francés.

Apróbase a devolución do aval, unha vez concluído o período de garantía.

9.- Proposta da concelleira delegada substituta da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación inicial do Plan parcial do solo urbanizable delimitado número 16 (SUD-16). Agra dos Campos. Aríns.

Apróbase inicialmente o devandito Plan, formulado por iniciativa particular de FOMENTO DE INICIATIVAS INMOBILIARIAS S.L. e que supón actuar sobre unha superficie total de 442.882,231 metros cadrados e unha superficie edificable de 177.152,89 metros cadrados, cos seguintes usos: residencial, cun máximo de 1.096 vivendas colectivas, 365 de carácter unifamiliar e 334 de protección pública; uso terciario (17.000 metros cadrados) e dotacional privado (2.000 metros

castrados). O desenvolvemento do Plan Parcial fará efectiva a cesión ao Concello dunha superficie de 31.208 metros castrados. Fíxase como sistema de actuación o de compensación.

10.- Proposta da concelleira delegada substituta da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación inicial do Plan parcial do solo urbanizable delimitado número 17 (SUD-17). Monte do Gozo. Aríns.

Apróbase inicialmente o devandito Plan, formulado por iniciativa particular de FOMENTO DE INICIATIVAS INMOBILIARIAS S.L co obxectivo de formalizar o crecemento da cidade na Agra de Aríns dun xeito ordenado. Actúa sobre unha superficie total de 138.858,99 metros castrados e unha superficie edificable de 48.600,65 metros castrados, cos seguintes usos: residencial, cun máximo de 264 vivendas colectivas, 124 de carácter unifamiliar, e 104 de protección pública, uso terciario (1.280 metros castrados) e dotacional privado (500 metros castrados). Fíxase como sistema de actuación o de compensación.

11.- Proposta da concelleira delegada substituta da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á posta a disposición do Concello dos espazos destinados a viario público que dan servizo ao uso das vivendas construídas na denominada fase 1 do 1º sector do SUNP-31. San Marcos.

Acórdase a posta a disposición do Concello dos devanditos espazos, sen que tal posta a disposición implique a recepción parcial nin total das obras de urbanización.

12.- Aprobación do proxecto modificado de mellora e acondicionamento de viais nas parroquias de Cesar, Berdía, A Barciela e San Caetano.

Apróbase o devandito proxecto modificado, redactado co obxectivo de substituír un tramo de vía pública en San Caetano por outro de iguais características e importe na mesma parroquia. O tramo que se substitúe foi obxecto dunha intervención urxente como consecuencia das choivas caídas entre finais do 2012 e principios do 2013, o que obrigou a adiantar a súa reparación. Mantéñense os demais tramos incluídos no proxecto primitivo presentado con cargo ao POS 2013, con iguais características e importes aos previstos.

13.- Dar conta do cambio de denominación social dunha empresa.

Dáse conta do cambio de denominación da empresa ACCIONA APARCAMIENTOS S.L.(vinculada a este Concello como titular de varios contratos), que pasa a chamarse MOVILIDAD Y APARCAMIENTOS S.L..

URXENCIAS

1.- Apróbase o expediente de contratación do subministro de varios vehículos e o seu mantemento (mediante renting) para o Concello de Santiago: 1 berlina, 3 turismos medios e 4 turismos mixtos. O tipo de licitación é de 151.728 euros + IVE por un período de 48 meses.